



Esta semana, en el Bulevar Central pasamos por...

PÁGINAS 8 Y 9



O Mirador, arroces y carnes a la brasa



Lola Limón, el cuidado por los detalles



Cattar & Coffee, fidelidad café a café



Café Bar Lateral, del desayuno al picoteo

PEREGRINAS

MULLERES NO CAMIÑO DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 21-22

A paixón polo Camiño de Vázquez Taín

PÁGINAS 2 Y 3

LAS RESPUESTAS

nuestra GESTORÍA... por su experiencia acreditada



www.marcelinodiaz.com



Síguenos en

GESTORIA



MARCELINO DIAZ

ASESORÍA DE EMPRESAS CORREDURÍA DE SEGUROS ASESORÍA FINANCIERA

66 años 1956 - 2022

Gracias a Ourense

En confianza



O indiscutible atractivo dos camiños

José Antonio Vázquez Taín cónfesase un enamorado do Camiño de Santiago. En toda a súa historia e trazados. En todas as súas vertentes universos. E como tal, máis aló da súa profesión como maxistrado, vén de gravar o documental "Peregrinas", co que a través de catro mulleres destacadas da historia busca achegarnos a este milenario percorrido á vez que rinde homenaxe a todas aquelas que fixeron posible o seu desenrolo. Tamén desa paixón polo Camiño publicou "Más allá y más arriba", co que nos aporta unha visión diferente do Camiño, amena, sen perder ápice de rigor histórico.

MÓNICA V. LOPO. OURENSE
vida@laregion.net

Maxistrado, escritor e agora artífice do documental "Peregrinas". Un título que xa é toda unha declaración de intencions.

O que trato de contar no documental é a historia de Galicia. Unha aventura marabillosa, moi culta, intrigante, repleta de anécdotas... e que

ademais nos pode ensinar moito. Por iso me pareceu moi atractivo amosar o discurrir dos anos do Camiño de Santiago, sen facer revisionismo, dende o punto de vista das mulleres que fixeron este milenario percorrido e que foron esenciais para o seu desenrolo construíndo hospitais, albergues e outras infraestruturas para a comodidade e seguridade ao resto de peregrinos. Esa é a

idea fundamental. Contar un chisco máis. Fuxindo dos tópicos, que en Galicia somos moito de tópicos, contar algo máis real e humano da aportación feminina ao Camiño. Un punto de vista das mulleres, que moitas veces se pasa por alto.

E de entre todas as mulleres destacadas quedou con catro nomes: Jimena Garcés, Santa

Isabel de Portugal, Santa Bona de Pisa e Margaret Kempe.

A verdade é que podían ser moitísimas máis. Elexín tan só catro dunha extensa lista para que o documental non quedase demasiado extenso, pero coa mesma intención: rendir homenaxe ás mulleres do Camiño que moitas veces quedan nun segundo plano. No que atinxe á selección, debeuse a que elas representan

catro momentos históricos distintos; catro camiños distintos: o Primitivo, o Portugués, o Francés e o Inglés, e, por último polas súas circunstancias persoais que as levaron a percorrer este trazado.

Entre esas inclúese a Santa Isabel de Portugal, coñecida como a Rainha Santa. Da que se di, que peregrinou por terras de Celanova e Baixa Limia, pasando tamén pola Merca, lugar donde vostede naceu.

A Rainha Santa é un persoa moi complexo porque a súa vida non foi doada, con moitos problemas e visicitudes das que se tivo que sobrepoñer. Como rainha fixo a peregrinación por mar, ata Iria Flavia. Posteriormente, de xeito máis humilde, hai datos que indican que fixo a ruta dende Braga pasando por Lobios, Bande, Celanova; a coñecida como Vía Nova. Unha ruta que eu animo a todo o mundo a que a coñeza porque é impresionante a cantidade de restos arqueolóxicos que saen ao Camiño, ademais dunha fermosa natureza.

Máis alá, os datos falan. Ao redor dun 60% das persoas que obtén a Compostela son mulleres.

Creo que as mulleres sodes máis reflexivas. De pararse a pensar "que é o que quero da miña vida". Os homes soemos ser máis impulsivos.

Como enamorado declarado do Camiño, tamén no seu último libro, "Más allá y más arriba" lévanos a vivir este trazado ao longo de catro séculos da Historia. Sendo sincero, o libro naceu como un encargo para conmemorar o Ano Santo. Pedíronme un libro que recollese o que viviría un peregrino medieval que fixera a ruta. Pero resultaba moi complexo resumir tanto nun só peregrino e nun único mo-

PERFIL

Nombre

José Antonio Vázquez Taín

Lugar e data de nacemento

A Merca, 23/06/1968

Profesión

Xuíz, escritor, director/a.

Peregrino.

mento da historia. O Camiño de Santiago ten moitos momentos de éxitos, de fracaso, de recuperación... Así que, dándolle voltas, quixen facer un libro que recollera os momentos máis importantes do trazado. Coñecemos moitos feitos históricos por traballos que moitas veces resultan un fracaso, xa que moitas veces non se soe repeter ata o mínimo detalle a realidade histórica. Ficciónase para darlle máis emoción á trama. Así que o meu reto foi contar datos históricos, reais, documentados con moita investigación... aínda correndo o risco de que non gustase. Pero o resultado foi bo. É un libro doado de ler, sen mentira algunha nin detalles de ficción. A idea non foi outra que facer un libro riguroso sen renunciar a total rigurosidade histórica.

E con prólogo de Carlos Herrera.

Carlos é un gran amigo. Cada ano facemos varias etapas do Camiño xuntos. Pero el xa o fixo 17 anos seguidos. Cada verán reserva unos días para facer unha ruta. Dos cales, cinco ou seis tramos fainos en total soidade. Ese é outro dos atractivos. Que se pode peregrinar en soidade, en familia, con amigos, coa xente que te vas atopando...

E sen dúbida son peregrinacións que van máis alá da relixiosidade.

As peregrinacións son un fenómeno que apareceron no século III-IV, nun momento no que o culto relixioso era a forma de existencia máis común. Pero respecto a esas orixes, a evolución foi brutal. E de todas esas rutas de peregrinación, só a do Camiño de Santiago se pode documen-

En confianza

EN IMAXES...

① Rodando "Peregrinas".



② Presentación de "Más allá y más arriba".



③ Facendo o Camiño de Santiago con Carlos Herrera.



tar que se mantivo ao longo de doce séculos de xeito ininterrompido. Nin sequera Roma nin outras relixións; nin a peste negra nin o covid, fixeron que os peregrinos deixasen de camiñar cara ese destino final que é Compostela. Eso ten unha explicación: o Camiño, ademais da parte relixiosa, ten un forte compoñente espiritual, sociolóxico, que non está tan estudado pese a ser esencial na súa pervivencia.

Doce séculos con moitas vías para chegar a Compostela, moitas pendentes de descubrir e andar. Totalmente. Moitas floreceron e afianzáronse e outras foron esmorecéndose e agora trabállase na súa recuperación. E con este son sete os libros publicados.

Como lle chegou esa inquietude pola escritura?

Cando un é xuíz un ve moitas interioridades da parte mala do espírito humano. Quería transmitir, noveladamente, experiencias que eu tivera como maxistrado. Non feitos concretos, senón a experiencia. Para achegar á xente como é cometer erros, delitos, que marcan o teu futuro. Quería compartir todo o que eu vivín.

E despois, o "formiguiño" de escribir xa non se pode parar.

A verdade é que non. Aí xa comezou a coincidir coa miña época de colaborador con algúns medios de comunicación sobre temas concretos a nivel xurídico. Sendo sincero, agora mesmo hai moitos comentaristas, moitas televisións, que non teñen idea do eido da Xustiza e achegan ao público opinións de xeito sesgado. Eu sentía, e sinto, a necesidade de aclarar algúns conceptos básicos tanto de xustiza como de política.

E no referente ao Camiño de Santiago?

Facer algo máis de rigor histórico. Facerlle chegar á xente que si que o Camiño é un fenómeno turístico, social... pero tamén é un fenómeno histórico que nos pode achegar moitísimas cousas de como foi Europa. De como podemos chegar a ser unha

única comunidade.

Un percorrido que unha vez feito engancha e ten a mesma boa resposta.

O Camiño de Santiago segue a ser dos poucos sitios nos que, queiras ou non, tes que desconectar. E eso é o que nos fai falta agora mesmo. Ese parar, reflexionar, non ir co móbil pegado na man nin na orella... fai que te descubras a ti mesmo. A outros seres humanos nunha conversa. A xente pensa que agora estamos comunicados, pero eu penso que estamos máis illados que nunca. Os que vivimos neste mundo "de delincuencia", vemos que as redes sociais acaban tirando máis cara o lado negativo que o positivo. Ves a xente conectada a toda rede social habida e por haber, con milleiros de amigos, e nembargantes morre e ninguén

"O Camiño de Santiago segue a ser dos poucos sitios nos que, queiras ou non, tes que desconectar. E eso faínos moita falta"

se acorda de que hai días que non da sinais.

Xa que fala de redes e tecnoloxía, non fai eso que tamén dalgún modo se perda o misterio do Camiño?

O que pasa no Camiño de Santiago é un universo que estamos descubriendo cada día. Si que Internet e redes sociais nos planifican etapas, onde comer, onde durmir... vas un pouco mecánicamente. Pero as rutas que ofrece o Camiño son tantas, moitas por descubrir, como a de San Rosendo, e con tantos recunchos que sempre sorprenden, que nada está definido. Queda moito por descubrir e investigar. E fan falta moitos exploradores para poder seguir recollendo información.

Dos seus libros sempre se alaba o seu modo de construír persoaxes. De darlles vida mantendo o pulso narrativo dun xeito maxistral.

Sempre que escribo unha novela preocúpanme especial-

mente dous aspectos: que teña un bo final -empezo os libros polo final-. E segundo, deseñar os personaxes. Ao longo da miña vida, pola miña profesión, teño me achegado á xente non como quere que a vexan, senón como son en realidade. Por eso cando describo os meus protagonistas, non o fago de maneira liñal, teñen aspectos bos e malos, non os xuzgo. E moitas veces deixo que o personaxe sea libre e ao longo do libro deixo que flúa. Penso que teñen esa riqueza espiritual que vexo na xente máis sencilla.

Non podo evitar preguntarlle como se organiza. Xuíz, colaborador habitual en medios, escritor, director... e caminante. Cóntenos o segredo!

Decíame meu pai que se só fas unha cousa, seguramente non che de tempo. Se fas varias, organizaste. E se te organizas, ata che sobra o tempo. E penso que tiña moita razón. As veces é triste non chegar a todo. O que si que hai que ter claro que o primeiro é o primeiro: a familia. E logo, xa un se vai apañando.

E a curto prazo xa hai novos proxectos á vista.

Estou preparando un guión para un novo documental. Esta vez do Camiño Mozárabe, non só como Camiño de Santiago, senón que explicando as súas orixes naturais, de senda cinexética,

Coa venia

1. Un libro.
- "Confieso que he vivido", de Pablo Neruda.
2. Un escritor.
- Gabriel García Márquez.
3. Unha banda sonora que soe na súa casa.
- Na miña casa pelemos polas bandas sonoras... (risas). Pero todas as de Barbra Streisand.
4. Unha serie que recomendaría aos lectores.
- "Los Soprano".
5. Unha película.
- "El violinista en el tejado".
6. Cando se mira ao espello, ve...
- Paz.
7. Unha viaxe pendente.
- Todas. Todo o que aínda non vin do mundo, e repetir naqueles lugares que xa estiven.
8. Un lugar para perderse.
- A miña aldea, Zarracós.
9. Un recordo da súa neñez.
- Pasear polo monte co meu can Tazán.
10. Unha manía.
- Non me quedar calado nunca.
11. Un defecto.
- Moitos moitos. Moitísimos. Cito un: o desorden.
12. Unha virtude.
- A constancia.
13. Perde a calma con...
- Co meu traballo, é moi difícil que perda a calma. Hai que saber manterse nela.
14. E en caso de perder esa calma, con que a recupera?
- Conmigo mesmo. Tardo moito, pero en caso de estoupar, son eu mesmo o que se calma.
15. Un soño.
- Poder vivir en sociedade.

transhumancia para continuar falando de como se converteu nunha vía romana e despois foi camiño de repoboación. Camiño de guerra, dos segadores que ían a Castela. E, por suposto de peregrinación.